

INFORME DE INTERVENCIÓN

DEPORT/2021/000004-2T

ASUNTO: SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DO 2º TRIMESTRE DE 2021 EN RELACIÓN Á ORDEN HAP/2105/2012

Antecedentes.

A Orden do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2105/2012 desenvolve as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira, onde se establece as obrigas trimestrais de subministro de información pola Entidades Locais (art. 16), que deberan efectuarse por medios electrónicos a través da plataforma que o Ministerio habilite ao efecto. A remisión debe realizarse antes do último día do mes seguinte á finalización de cada trimestre do ano.

O módulo do programa contable, confeccionado a tal efecto, facilita a maior parte da información que se debe transcribir á plataforma de captura do Ministerio, ademais de un ficheiro que se pode exportar á plataforma do Ministerio, trasladando os datos de ingresos e gastos.

A información correspondente á execución do citado trimestre acumulado do presuposto da Fundación de Deportes subministrase separadamente, realizándose a consolidación cos datos do Concello directamente pola plataforma virtual. O análise da capacidade de financiación e regra de gasto realizase sobre os datos consolidados.



1- Datos e Criterios utilizados. Analizamos a continuación cada un dos formularios:

Formulario F.1.1.1: Son datos correspondentes a execución presupostaria a fecha fin do trimestre, por capítulo de gastos e ingresos, recolléndose os datos de obrigas e dereitos recoñecidos, así como pagos e ingresos líquidos. Reprodúcese os datos do módulo do programa contable, e estímense os dereitos recoñecidos netos e obrigas recoñecidas a fin de exercicio.

Formulario F.1.1.2: Trátase do desglose da información do Formulario F.1.1.1 relativa a ingresos correntes. Reprodúcese os datos do módulo do programa contable.

Formulario F.1.1.3: Trátase do desglose da información do Formulario F.1.1.1 relativa a ingresos de capital e financeiros. Reprodúcese os datos do módulo do programa contable.

Formulario F.1.1.4: Trátase do desglose da información do Formulario F.1.1.1 relativa a gastos correntes. Reprodúcese os datos do módulo do programa contable.

Formulario F.1.1.5: Trátase do desglose da información do Formulario F.1.1.1 relativa a gastos de capital e financeiros. Reprodúcese os datos do módulo do programa contable.

Formulario F.1.1.8 Remanente Tesourería: Son os datos relativos ao Remanente de Tesourería. Reprodúcese os datos do módulo do programa contable. Non contempla saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento. Calcúlanse os saldos de dubidoso cobro.

Formulario F.1.1.9 Calendario de Tesourería: Trátase dos ingresos e pagos que se realizaron no trimestre, sendo necesario engadir os cobros e pagos non presupostarios e os cobros e pagos pendentes de aplicación definitiva, así como os fondos líquidos ao inicio do período.

Formulario F.1.1.12: Correspóndese cos datos de plantilla e efectivos extraídos do orzamento, da nómina do persoal adscrito á Fundación de Deportes, e da execución realizada ao longo do trimestre.

Formulario F.1.1.13 e F.1.1.14: Este Organismo Autónomo non ten débeda polo que non hai datos nestes formularios.



Formulario F.1.1B1: datos relativos á estabilidade, aplícanse os mesmos criterios que os considerados na elaboración do presuposto 2021.

Anexo IA5 Fluxos Internos: Neste estado recóllense as obrigas recoñecidas a outras unidades do Sector Público, que no presente caso non se reflicten porque os únicos datos serían os da seguridade social do persoal do Concello adscrito a Deportes e que se conteñen nos datos do Concello e se aplican en formalización á Fundación de Deportes. Para evitar duplicidades este fluxo interno recollese no Concello e non na Fundación de Deportes.

Anexo IB5 Acredores por Operacións Devengadas: Recolle tódalas operacións pendentes de aplicar ao orzamento e aquelas que se aplicaron ao orzamento correspondentes a outros exercicios. Neste trimestre non existen operacións deste tipo.

Anexo IB9 Conta Acredores por Devolución de Ingresos: Recolle os movementos e saldo das devolucións de ingresos. Non existen neste trimestre

Anexo IB12 Gastos financiados con Fondos doutras Administracións Públicas: Recóllense os datos da subvención da Deputación de Pontevedra cando se produza.

Os Formularios e/ou anexos non mencionados no presente informe debese a que este Organismo Autónomo non ten datos relativos aos mesmos.

Os novos formularios en relación aos gastos ou actuacións do COVID-19 tampouco están cubertos porque a pesar de producirse unha diminución nos ingresos por utilización de instalacións deportivas e por actividades deportivas, non se trata de liquidacións emitidas previamente mediante padrón, se non que se trata de liquidacións ou autoliquidacións en función do uso das instalacións ou da solicitude de actividades deportivas, ao estar pechadas as instalacións e suspendidas as actividades deportivas non se producen ingresos, do mesmo xeito redúcense os gastos. En consecuencia non se cobre o formulario “Estado en gastos e ingresos” e os demais formularios non son de aplicación.

Neste trimestre aparecen uns novos formularios en relación a fondos recibidos con cargo ao Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (MRR), Fondos que proveñen da Unión Europea,



así como fondos recibidos doutros Fondos Europeos, tipo FEDER ou FSE. A Fundación de deportes non recibe directamente Fondos Europeos do MRR, FEDER OU FSE.

Axustes internos entre o Concello e a Fundación de Deportes.

Non se recollen os axustes internos porque a contabilidade da Fundación de Deportes e do Concello están en momentos temporais distintos e non son comparables.

2- Conclusións:

A análise da capacidade de financiación e regra de gasto realizase a nivel consolidado, unha vez insertos os datos da Fundación e do Concello.

Remítese en prazo a información correspondente ao 2º trimestre do exercicio 2021 en cumprimento da Orden HAP/2105/2012.

Vilagarcía de Arousa, sinatura dixital.

A INTERVENTORA DELEGADA

Asdo. Rosa M^a Otero Piñeiro